



# Programación do módulo de proxecto intermodular

IES LAMAS DE ABADE

Curso: 2025 – 2026

Ciclo formativo

Familia profesional	Ciclo formativo	Grao	Réxime	Modalidade
SANIDADE	FARMACIA E PARAFARMACIA	MEDIO	ORDINARIO	PRESENCIAL GRUPO B

Profesorado

<b>Docente e Titoría 2º GRUPO B</b>	Montse Rey Moar
<b>Docente</b>	Mª Luísa Castro Casas
<b>Docente</b>	Evangelina Lens C
<b>Docente</b>	Roque Carballo
<b>Docente</b>	Rosa MR
<b>Docente</b>	Fátima Calvo
<b>Docente</b>	Dolores Parrado
<b>Docente</b>	Ángel Ínsua



## Índice

1	Introdución e contextualización	3
2	Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo	3
3	Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación	4
4	Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado	9
5	Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado	9
6	Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final	10
7	Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación	11
8	Procedementos para avaliar a propia programación	11
9	Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado	11



## 1. Introducción e contextualización

O presente módulo MP1713 Proxecto intermodular (GM) está dotado con 50 horas e derívase da proposta de relación de módulos das ensinanzas da oferta ordinaria derivada da aplicación da Lei 3/2022.

É de aplicación o Real Decreto 287/2023, de 18 de abril, polo que se actualizan os títulos da formación profesional do sistema educativo de persoal Técnico en Emerxencias Sanitarias, Técnico en Farmacia e Parafarmacia, Técnico Superior en Audioloxía Protésica e Técnico Superior en Próteses Dentais da familia profesional Sanidade, e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

## 2. Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo

Este perfil profesional exerce a súa actividade en establecementos de venda de produtos farmacéuticos, parafarmacéuticos e, en xeral, produtos relacionados coa saúde humana ou animal, así como coa cosmética, a fitoterapia e outros. Do mesmo xeito, pode exercer a súa actividade en pequenos laboratorios de elaboración de produtos farmacéuticos e afíns.

O alumnado realizando o módulo da FCT (ao mesmo tempo que desenvolve o proxecto intermodular) observa de forma directa o mundo laboral da Farmacia e Parafarmacia, ponse en contacto coa realidade. A FCT realízase nas oficinas de farmacia, que son de carácter privado, existentes na cidade de Compostela e comarcas arredor, aínda que tamén as poderían facer nas Farmacias dos Centros Hospitalarios tanto de carácter público como de carácter privado.

O traballo realizado polo alumno, a súa actitude e as circunstancias das oficinas de farmacia, permiten que moito alumnado queden traballar, especialmente no sector privado.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Persoal técnico en farmacia.
- Persoal técnico auxiliar de farmacia.
- Persoal técnico de almacén de medicamentos.
- Personal técnico/a en farmacia hospitalaria.
- Personal técnico en establecementos de parafarmacia.

A competencia xeral deste título consiste en asistir na dispensación e na elaboración de produtos farmacéuticos e afíns, e realizar a venda de produtos parafarmacéuticos, fomentando a promoción da saúde e executando tarefas administrativas e de control de almacén, conforme as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

- a) Controlar as existencias e a organización de produtos farmacéuticos e



parafarmacéuticos, almacenándoos segundo os requisitos de conservación.

- b) Asistir na dispensación de produtos farmacéuticos informando das súas características e do seu uso racional.
- c) Realizar a venda de produtos parafarmacéuticos, con atención ás demandas e achegándolles información clara ás persoas usuarias.
- d) Preparar os produtos farmacéuticos para a súa distribución ás unidades hospitalarias, baixo a supervisión do persoal facultativo.
- e) Asistir na elaboración de produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos, aplicando protocolos de seguridade e calidade.
- f) Apoiar o persoal facultativo no seguimento farmacoterapéutico da persoa usuaria.
- g) Obter valores de parámetros somatométricos e de constantes vitais da persoa usuaria baixo a supervisión de persoal facultativo.
- h) Efectuar controis analíticos baixo a supervisión de persoal facultativo, preparando material e equipamentos segundo protocolos de seguridade e de calidade establecidos.
- i) Manter o material, o instrumental, os equipamentos e a zona de traballo en óptimas condicións para a súa utilización.
- j) Fomentar na poboación usuaria hábitos de vida saudables para manter ou mellorar a súa saúde e evitar a doenza.
- k) Tramitar a facturación de receitas manexando aplicacións informáticas.
- l) Realizar tarefas administrativas a partir da documentación xerada no establecemento.
- m) Prestar atención básica inicial en situacións de emerxencia, segundo o protocolo establecido.
- n) Apoiar psicolóxicamente ás persoas usuarias, mantendo discreción, e un trato cortés e respectuoso.
- o) Intervir con prudencia e seguridade respectando as instrucións de traballo recibidas.
- p) Seleccionar residuos e produtos caducados para a súa eliminación de acordo coa normativa.
- q) Aplicar procedementos de calidade e de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido nos procesos de farmacia.
- r) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- s) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- t) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando estudos de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.



- u) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- v) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.



### 3. Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación

Resultado de Aprendizaxe	Criterios de Avaliación	Instrumento de Avaliación
RA1. Caracteriza as empresas do sector atendendo á súa organización e ao tipo de produto ou servizo que ofrecen.	CA1.1. Identificáronse as empresas tipo máis representativas do sector.	Lista de Cotexo
	CA1.2. Describiuse a estrutura organizativa das empresas.	
	CA1.3. Caracterizáronse os principais departamentos.	
	CA1.4. Determináronse as funcións de cada departamento.	
	CA1.5. Avaliouse o volume de negocio de acordo coas necesidades da clientela.	
	CA1.6. Definiuse a estratexia para dar resposta ás demandas.	
	CA1.7. Valoráronse os recursos humanos e materiais necesarios.	
	CA1.8. Realizouse o seguimento dos resultados de acordo coa estratexia aplicada.	
	CA1.9. Relacionáronse os produtos ou servizos coa súa posible contribución aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).	
	CA1.2. Describiuse a estrutura organizativa das empresas.	
RA2. Formula solucións ás necesidades do sector tendo en conta a viabilidade destas e os custos asociados, e elabora un pequeno proxecto.	CA2.1. Identificáronse as necesidades.	Lista de Cotexo
	CA2.2. Formuláronse en grupo posibles solucións.	
	CA2.3. Obtívose a información relativa ás solucións propostas.	
	CA2.4. Identificáronse aspectos inno vadores que poidan ser de aplicación.	
	CA2.5. Realizouse o estudo de viabilidade técnica	
	CA2.6. Identificáronse as partes do proxecto.	
	CA2.7. Prevíronse os recursos materiais e humanos para o realizar.	



	CA2.8. Realizouse o orzamento correspondente.	
	CA2.9. Definiuse e elaborouse a documentación para o seu deseño	
	CA2.10. Identificáronse os aspectos relacionados coa calidade do proxecto.	
	CA2.11. Presentáronse en público as ideas máis relevantes dos proxectos propostos.	
RA3. Planifica a execución das actividades propostas á solución formulada, determinando o plan de intervención, e elabora a documentación correspondente.	CA3.1. Temporizáronse as secuencias das actividades.	Lista de Cotexo
	CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística de cada actividade.	
	CA3.3. Identificáronse permisos e autorizacións en caso de ser necesarios.	
	CA3.4. Identificáronse as actividades que implican riscos na súa execución.	
	CA 3.5.Tivéronse en conta o plan de prevención de riscos e os medios e os equipamentos necesarios.	
	CA3.6. Asignáronse recursos materiais e humanos a cada actividade.	
	CA3.7. Tivéronse en conta posibles imprevistos.	
	CA3.8. Propuxéronse solucións aos posibles imprevistos.	
RA4. Realiza o seguimento da execución das actividades propostas, verificando que se cumpra coa planificación.	CA3.9. Elaborouse a documentación necesaria	
	CA4.1. Definiuse o procedemento de seguimento das actividades.	Lista de Cotexo
	CA4.2. Verificouse a calidade dos resultados das actividades.	
	CA4.3. Identificáronse posibles desviacións da planificación e/ou os resultados esperados.	
	CA4.4. Informouse das desviacións en caso de ser necesario.	
	CA4.5. Solucionáronse as desviacións e documentáronse as intervencións	
CA4.6. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto no seu conxunto.		



RA5. Transmite información con claridade, de maneira ordenada e estruturada.	CA5.1. Mantívose unha actitude ordenada e metódica na transmisión da información.	Lista de Cotexo
	CA5.2. Transmítiuse información verbal tanto horizontal como verticalmente.	
	CA5.3. Transmítiuse información entre os membros do grupo utilizando medios informáticos.	
	CA5.4. Coñecéronse os termos técnicos noutras linguas que sexan estándares do sector.	

## 4. Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

Con carácter xeral, este módulo será impartido pola persoa que exerza a titoría do ciclo. Os traballos serán coordinados polo profesorado con atribución docente no módulo, preferentemente o que estea a impartir docencia no segundo curso.

Quen ostenta a titoría terá o labor de orientar, dirixir e supervisar ao alumnado durante a realización e presentación do proxecto e coordinar as titorías colectivas.

Cada 15 días, coincidindo coa xornada de seguimento da FCT no centro, o profesorado do ciclo formativo asesorará, dirixirá e supervisará a realización do proxecto. Para o efecto, marcaranse as datas para as sesións de seguimento por parte do equipo docente.

O módulo organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva, de forma presencial e a distancia; nesta última empregaranse as tecnoloxías da información e da comunicación.

A titoría individual e colectiva correrá a cargo dunha das persoas que compoñen o equipo que, con carácter xeral, será a titora ou o titor do ciclo. Así mesmo, esta figura encargarse de coordinar as funcións do resto do equipo educativo. Non obstante, pedirase a implicación e a participación do equipo docente do ciclo formativo, segundo a temática escollida, nas actividades de asesoría, orientación, programación, seguimento e avaliación prevista para este módulo.



## 5. Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

O proxecto levarase a cabo en grupo coincidindo coa realización dunha parte da Formación en Centros de Traballo, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

As fases de traballo poderán seguirse tal e como se indica na seguinte Táboa:

Fase	Actividade S	Tarefas
<b>UN</b> Análise do sector e da empresa farmacéutica (RA1)	<b>Análise do sector de Farmacia e Parafarmacia</b>	Identificar tipos de empresas do sector (farmacia comunitaria, parafarmacia, almacén, laboratorio, venda online).  Seleccionar unha empresa tipo para o proxecto.
	<b>Estudo da organización da empresa</b>	Describir a estrutura organizativa da empresa escollida.  Identificar departamentos (atención á clientela, almacén, xestión, etc.).
	<b>Análise funcional</b>	Determinar funcións de cada departamento.  Relacionar funcións co perfil profesional do persoal técnico en farmacia.
	<b>Análise da clientela e do mercado</b>	Identificar necesidades habituais da clientela.  Estimar volume de negocio aproximado segundo o tipo de servizo.
	<b>Sustentabilidade e ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)</b>	Relacionar produtos/servizos da farmacia con ODS (saúde e benestar, consumo responsable, igualdade, etc.).
	<b>Detección dunha necesidade</b>	Detectar unha necesidade real do ámbito farmacéutico (ex.: educación sanitaria, mellora da atención a persoas maiores, organización do stock, campaña de saúde).



<b>DÚAS</b>  Identificación da necesidade e deseño da solución (RA2)	<b>Xeración de ideas</b>	Propoñer varias solucións en grupo.  Debater vantaxes e inconvenientes.
	<b>Selección da solución</b>	Escoller a solución máis viable.  Xustificar a elección.
	<b>Innovación</b>	Identificar elementos innovadores (uso TIC, novos servizos, mellora da atención, etc.).
<b>TRES</b>  Elaboración do proxecto (RA2)	<b>Estudo de viabilidade</b>	Analizar viabilidade da proposta.  Comprobar se é realizable nunha farmacia real.
	<b>Estrutura do proxecto</b>	Analizar viabilidade técnica da proposta.  Comprobar se é realizable nunha farmacia real.
	<b>Recursos humanos e materiais</b>	Determinar persoal necesario.  Listar materiais e medios técnicos.
	<b>Orzamento</b>	Elaborar un orzamento básico do proxecto.
	<b>Calidade</b>	Identificar criterios de calidade do servizo/proxecto.
	<b>Documentación</b>	Elaborar a documentación escrita do proxecto.
	<b>Planificación temporal</b>	Elaborar cronograma das actividades.
	<b>Organización da execución</b>	Asignar recursos humanos e materiais a cada actividade.



<b>CATRO</b> Planificación, ejecución simulada e seguimento (RA3-RA4)	<b>Prevención de riscos</b>	Identificar riscos asociados ás actividades. Aplicar medidas preventivas.
	<b>Xestión de imprevistos</b>	Prever posibles problemas. Propoñer solucións.
	<b>Seguimento do proxecto</b>	Definir procedementos de seguimento. Detectar desviacións e propoñer correccións.
	<b>Avaliación</b>	Avaliar resultados e documentar melloras.
<b>CINCO</b> Comunicación e presentación do proxecto (RA5)	<b>Preparación da presentación</b>	Estructurar a información de forma clara e ordenada. Preparar soporte dixital (presentación) ou outro.
	<b>Comunicación en grupo</b>	Repartir quendas de intervención. Empregar vocabulario técnico correcto.
	<b>Presentación oral</b>  <b>Uso de linguaxe técnica</b>	Expor o proxecto ante o grupo/clase. Empregar o idioma elixido correctamente. Responder preguntas. Empregar termos profesionais, incluíndo algúns termos estándar noutras linguas.

## 6. Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final

Para o seguimento presencial do módulo de Proxecto Intermodular aproveitarase a xornada quincenal de recepción do alumnado no centro educativo para o seguimento do módulo de FCT. A asistencia é obrigatoria, pois nestas datas de seguimento da FCT/Proxecto Intermodular o alumnado está exento de ir á empresa.

Utilizarase a Aula Virtual (Moodle) como medio de comunicación entre o alumnado e o profesorado do ciclo, tanto para a entrega das actividades parciais e final, como para a súa valoración. Igualmente poderá utilizarse o correo electrónico para a comunicación co



alumnado e o envío de documentación.

Establecerase un período de titoría coordinado pola persoa que ostente dito cargo e no que tamén participará o resto do equipo docente se que é posible que coincida coas súas actividades lectivas ordinarias.

Os prazos de entrega dependerán das reunións quincenais establecidas. Este documento subírase á aula virtual para coñecemento de todo o alumnado.

O formato para a presentación do informe elaborado no módulo, os prazos para a súa supervisión e as datas de entrega final e defensa da proposta ante o profesorado do ciclo comunicaranse ao alumnado e reflectiranse na aula virtual da materia.

## 7. Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado

Revisión do material didáctico e contidos dos módulos de 1º e 2º curso.

Planificación e cumprimento das datas marcadas para o seguimento e control do proxecto por parte da titoría e o equipo docente.

Aproveitamento das experiencias e recursos coñecidos durante o período de FCT.

## 8. Criterios de cualificación

O Proxecto Intermodular abrangue dúas actividades:

- A. Elaboración dun informe escrito, que consistirá nun traballo de temática libre, pero relacionado co eido profesional do ciclo formativo atendendo ao currículo do CM MP1713 Proxecto intermodular (GM) derivado da proposta de relación de módulos das ensinanzas da oferta ordinaria derivada da aplicación da Lei 3/2022.

Esta actividade terá unha valoración do 60%

- B. Defensa oral perante o equipo docente do ciclo. Consistirá nunha presentación oral na que pode empregarse apoio documental que sintetice o traballado durante os meses previos. Poden empregarse cantos recursos se consideren pertinentes (aportados polo alumnado) para ilustrar a exposición.

O tempo de exposición será de 5 a 10 minutos por integrante do grupo, pero tendo en conta que a duración máxima da exposición por grupo é de 20 minutos.

Ao final da exposición ocuparanse aproximadamente 5-10 minutos para que o alumnado responda a cuestións plantexadas polo equipo docente.

Esta actividade terá unha valoración do 40%



Para a avaliación positiva do módulo será imprescindible ter o 50 % da cualificación en cada unha das dúas partes (A e B). Os criterios de cualificación indicados valoraranse en función da seguinte táboa:

<b>SEGUIMIENTO.....20%</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA .. 2 PTOS</b>
a) Establece un deseño do proxecto	0,5 ptos
b) Entrega dos traballos nos prazos establecidos	0,5ptos
c) Participación activa no grupo de traballo	0,5 ptos
d) Relación correcta, tolerante, respectuosa e educada co profesorado e as demais persoas do grupo e aula	0,5 ptos
	<b>PUNTUACIÓN APTDO .....</b>
<b>TRABALLO ESCRITO.....30%</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA .. 3 PTOS</b>
a) Presentación xeral do proxecto	0,25 ptos
b) Deseño e orixinalidade	0,50 ptos
c) Estrutura e redacción adecuadas	0,50 ptos
d) Contidos e desenvolvemento dos mesmos	1,00 ptos
e) Conclusións	0,50 ptos
f) Anexos e Bibliografía	0,25 ptos
	<b>PUNTUACIÓN APTDO .....</b>
<b>ADECUACIÓN DO PROXECTO AO SECTOR FARMACÉUTICO ... 10%</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA .. 1 PTOS</b>
	<b>PUNTUACIÓN APTDO .....</b>
<b>EXPOSICIÓN ORAL..... 40%</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA .. 4 PTOS</b>
a) Defensa dos contidos expostos	0,5 ptos
b) Capacidade de síntese	0,5 ptos
c) Explicación dos obxectivos e conclusións obtidas	0,5 ptos
d) Adecuación do tempo de exposición ó contido de traballo	0,5 ptos
e) Capacidade de resposta as preguntas realizadas sobre o traballo	0,5 ptos
f) Soltura na presentación	0,5 ptos
g) Nivel de complexidade	0,5 ptos



h) Material gráfico de apoio orixinal	0,5 pts
	<b>PUNTUACIÓN APTDO .....</b>
<b>PUNTUACIÓN PROXECTO:</b>	

## 9. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o punto 10 do apartado décimo terceiro da Resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/2026, o alumnado que, logo da avaliación final de módulos do segundo curso, teña pendente exclusivamente o módulo de Proxecto ou o módulo de Proxecto intermodular, poderá realizalo en calquera dos períodos establecidos no artigo 6.4 da Orde do 28 de febreiro de 2007 para o módulo de Formación en centros de traballo.

## 10. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co disposto no Decreto 114/2010, do 1 de xullo, sobre a ordenación xeral da formación profesional en Galicia, na Orde do 12 de xullo de 2011 e na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, este módulo contempla medidas específicas para atender as necesidades do alumnado que non acade globalmente os obxectivos programados.

No caso de que o progreso non responda globalmente aos obxectivos, adoptaranse medidas de reforzo educativo, garantindo que estas non alteren os resultados de aprendizaxe nin os criterios de avaliación, senón que axusten a metodoloxía, a secuenciación e os recursos empregados. As principais medidas de reforzo educativo que se aplicarán son:

- Titorización por parte de todo o profesorado do ciclo, establecendo reunións periódicas co alumnado para analizar/solventar dificultades.
- Fragmentación das tarefas do proxecto en varias entregas intermedias, coa correspondente retroalimentación por parte do equipo docente.
- Materiais de apoio complementarios, como guías de traballo, bibliografía complementaria... que faciliten a comprensión.
- Aprendizaxe cooperativa, favorecendo a integración do alumnado e o traballo en grupo, potenciando a aprendizaxe entre iguais.



Garantirase unha atención adecuada ao alumnado con discapacidade, asegurando a accesibilidade ás instalacións, aos materiais e aos procedementos de avaliación. Do mesmo xeito, os procesos de avaliación adaptaranse ás necesidades metodolóxicas que presente o alumnado, garantindo a súa accesibilidade mediante tempos adicionais, formatos accesibles ou probas adaptadas, cando sexa necesario.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais que precisen unha adaptación máis ampla, poderá autorizarse a cursar o ciclo en réxime fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral, tal e como recolle o artigo 61 do Decreto 114/2010 e o capítulo VI da Orde do 12 de xullo de 2011.

## 11. Programación da educación en valores

No marco dun ciclo formativo, a educación en valores ten como obxectivo formar alumnado competente non só a nivel técnico, senón tamén persoal, social e ético. Os valores educativos que se traballarán ao longo do módulo inclúen: responsabilidade profesional, respecto e traballo en equipo, ética e honestidade académica, autonomía e iniciativa persoal, inclusión e igualdade, sustentabilidade e conciencia medioambiental.

## 12. Procedementos para avaliar a propia programación

O seguimento da programación realizarase mensualmente nas reunións do equipo docente.

Ademais terase en conta:

- Os resultados académicos do grupo.
- A valoración do alumnado sobre o desenvolvemento do módulo.